



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Informática aplicada á xestión comercial

Materia	Informática aplicada á xestión comercial			
Código	V06G270V01307			
Titulación	Grao en Comercio			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Informática			
Coordinador/a	González Dacosta, Jacinto			
Profesorado	González Dacosta, Jacinto			
Correo-e	jdacosta@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	Conceptos básicos de hardware e software. Estrutura funcional do computador. Redes de computadores. Seguridade da información, firma electrónica. O computador no sistema de información.			

## Competencias

Código	
B1	CG1. Adquirir coñecementos de xestión, das técnicas instrumentais, así como dos elementos máis avanzados e innovadores no estudo da actividade comercial para a súa utilización no comercio.
C24	CE24. Aplicar as ferramentas informáticas e os conceptos e técnicas estadísticas, contables, financeiras e de marketing para a xeración e interpretación de informes e a planificación e xestión integral: funcións da cadea de subministros e entrega ao cliente, xestión do risco comercial, xestión contable e financeira, entre outros, mediante ferramentas tales como as tecnoloxías web, os xestores de bases de datos, a transmisión electrónica de datos, o comercio electrónico, os CRM ou os sistemas integrados.
C26	CE26. Saber empregar as habilidades persoais, actitudes e coñecementos adquiridos no contexto académico mediante a simulación de situacións reais dla práctica profesional e a través do contacto coa realidade empresarial que proporcionan as prácticas de empresa.
D2	CT2. Habilidades de comunicación a través de internet e manexo das ferramentas multimedia.
D8	CT8. Capacidade para liderar e traballar en equipo.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer os elementos que conforman ou inflúen nun sistema informático e ser capaz de configurar un sistema informático básico para a xestión dunha empresa comercial. Así como tamén coñecer e saber aplicar as ferramentas informáticas de xestión da información utilizadas na empresa e no comercio electrónico.	A4 B1 C1 D2 B3 C17 D8 B4 C21 C24 C26

## Contidos

Tema	
1 O computador	1.1 Hardware 1.2 Software
2 Manipulación de datos na informática	2.1 Estructuras básicas de datos 2.2 Follas de cálculo 2.3 Bases de datos

3. Comercio electrónico e documentación electrónica	3.1. Arquitectura básica de internet 3.2. Utilidades na rede 3.3. O comercio electrónico e os seus tipos 3.4. Documentación electrónica 3.5. Facturación electrónica 3.6. Pasarelas de Pago
4. Seguridade informática	4.1. Seguridade individual 4.2. Seguridade básica na empresa 4.3. Encriptación 4.4. Firma electrónica
5. Lexislación sobre información aplicable a empresa	5.1. LOPD 5.2. LSSI 5.3. Outra lexislación aplicable á empresa

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	4	6	10
Presentacións/exposicións	2	6	8
Prácticas autónomas a través de TIC	4	6	10
Prácticas en aulas informáticas	26	34	60
Traballos e proxectos	8	20	28
Probas de resposta curta	1	8	9
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	18	24

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Valoración dos coñecementos previos do alumno e explicación da metodoloxía a seguir ao longo do curso
Lección maxistral	Nestas sesións exporase aos alumnos os conceptos e metodoloxías necesarias para o coñecemento da materia
Presentacións/exposicións	Aprender a utilizar distintos medios de presentación online/offline e as súas metodoloxías
Prácticas autónomas a través de TIC	Elaborar propostas de casos prácticos en grupo e resolución dos mesmos aplicando as ferramentas informáticas apropiadas.
Prácticas en aulas informáticas	Exercicios propostos polo profesor que os alumnos resolveran coa axuda do computador no aula de informática. Serán traballos individuais e en grupo

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas en aulas informáticas	Son varias as estratexías que se pon a disposición do alumno para seguir con éxito o desenvolvemento personalizado da materia. Durante a realización dos exercicios, o alumno poderá comparar se o seu traballo é correcto a través de modelos comparativos. En titorías grupais o alumnado pode ir comprobando a evolución na aprendizaxe mediante retroalimentación no proceso, participando na avaliación do traballo realizado. O alumno disporá, ademais, de probas de autoevaluación, co fin de reflexionar de forma sistemática sobre o traballo realizado, os avances sobre o aprendido e a funcionalidade práctica dos contidos impartidos.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Son varias as estratexías que se pon a disposición do alumno para seguir con éxito o desenvolvemento personalizado da materia. Durante a realización dos exercicios, o alumno poderá comparar se o seu traballo é correcto a través de modelos comparativos. En titorías grupais o alumnado pode ir comprobando a evolución na aprendizaxe mediante retroalimentación no proceso, participando na avaliación do traballo realizado. O alumno disporá, ademais, de probas de autoevaluación, co fin de reflexionar de forma sistemática sobre o traballo realizado, os avances sobre o aprendido e a funcionalidade práctica dos contidos impartidos.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas en aulas informáticas	Neste apartado valorarase a asistencia ás prácticas na aula de computadores cunha asistencia mínima do 80%	10	C26 D2 D8

Traballos e proxectos	Neste apartado cualifícanse os traballos de teoría realizados polos alumnos que se entregarán nos prazos fixados mediante as plataformas que se indiquen ao longo do curso. Devanditos traballos estarán formados por unha banda en soporte dixital (maquetación, desenvolvemento, etc) e outra parte de presentación mediante aplicacións cloud.	30	B1	C24 C26	D2 D8
Probas de resposta curta	Consistirá na realización dunha proba de tipo test ao final do cuadrimestre que conterá preguntas da materia da parte teórica.	10	B1	C24 C26	D2 D8
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse de 2 probas (unha a mediados de cuadrimestre e outra a finais). Ditas probas conterán exercicios propostos polo profesor que se resolverán coa axuda do computador e serán entregados nas datas que se fixen por medio da plataforma TEMA.	50	B1	C24 C26	D2 D8

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Lémbrese a todo o alumnado a prohibición do uso de dispositivos móbiles ou computadores portátiles en exercicios, prácticas e probas, en cumprimento do artigo 13.2.d) do Estatuto do Estudante Universitario, relativo aos deberes do estudiantado universitario, que establece o deber de "absterse da utilización ou cooperación en procedementos fraudulentos nas probas de avaliación, nos traballos que se realicen ou en documentos oficiais da Universidade"

### Avaliación

O alumno poderá elixir o sistema de avaliación que desexa lle sexa aplicado na materia. Para iso debe de optar pola avaliación continua (por defecto) ou un Exáme final único previa renuncia á avaliación continua.

#### Avaliación continua

Para superar esta avaliación é necesario que o alumno obteña unha puntuación mínima do 50% do total da materia e ademais que nos apartados: "Traballos e proxectos" e "Resolución de problemas e/ou exercicios" é necesario obter unha puntuación mínima do 30% da puntuación máxima da devandita proba.

#### Exame final único

Para superar esta avaliación é necesario que o alumno obteña unha puntuación mínima do 50% do total da materia. Este exame consta de dous partes: unha proba "Tipo test (40%)" e unha proba en computador de "Resolución de problemas e/ou exercicios (60%)" para as cales é necesario obter unha puntuación mínima do 30% da puntuación máxima da devandita proba.

Realizarase un exame na data fixada polo centro ao finalizar o cuadrimestre e outro no mes de xullo cuxas puntuacións serán do 100% da materia, salvo aqueles alumnos que optasen pola avaliación continua que só asistirán coa parte que non alcanzasen o mínimo.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Jean-François Carpentier, **La seguridad informática en la PYME**, 1ª Edición, ENI, 2016

Pierre Rigollet, **Análisis eficaz de datos. Tablas dinámicas**, 1ª Edición, ENI, 2016

#### Bibliografía Complementaria

Del Peso Navarro, Emilio y otros, **Nuevo reglamento de protección de datos de carácter personal**, 2008

Prieto Espinosa, Alberto y otros, **Introducción a la informática**, 2006

Laudon, Kenneth; Carol Guercio, **E-commerce 2013: Negocios, tecnología y sociedad**, 2014

Tanenbaum, Andrew, **Redes de computadores**, 5ª Edición, 2012

Silberschatz, A, **Fundamentos de bases de datos**, 6ª Edición, 2014

Laudon, **E-Commerce 2015: Business, Technology, Society**, 2014

Marqués, Felicidad, **Microsoft Excel 2010. En profundidad**, 2010

Guillaume Eouzan, **Marketing web. Definir, implementar y optimizar nuestra estrategia 2.0**, 1ª Edición, ENI, 2016

Marie Prat, **Posicionamiento web : estrategias de SEO : Google y otros buscadores**, 4ª Edición, ENI, 2016

Pierre Rigollet, **Cuadros resumen y cuadros de mando. Tratamiento y análisis de grandes volúmenes de datos con Excel 2016**, 1ª Edición, ENI, 2016

### Recomendacións

### Outros comentarios

Aqueles alumnos que non poidan asistir a clase por motivos de traballo ou teñan dispensa de asistencia, deberán porse en contacto cos profesores a principio de curso a fin de arbitrar as medidas necesarias para que poidan realizar avaliación continua.

- 1.- Como soporte á docencia, utilizaranse plataformas de aprendizaxe virtual
  - 2.- É conveniente que o alumno active a conta de correo electrónico que lle proporciona a Univesidade de Vigo.
  - 3.- Tamén para o seguimento da materia, é indispensable ter unha conta gmail.
-